

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001725	IES Lauro Olmo	O Barco de Valdeorras	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	23
7.1. Concreción dos elementos transversais	23
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	25
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	27

## 1. Introducción

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa coma a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes», incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa. Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Con respecto á situación social que vive aquí a nosa lingua, cabe dicir que O Barco é unha moi vila castelanizada. A lingua que usa acotío o alumnado, tanto no ámbito familiar coma no social, é maioritariamente o castelán. Aínda que a función familiar se desenvolva nalgúns casos en galego, adoitan presentar actitudes diglósicas e evitan falalo no centro. Detectamos dactitudes negativas cara á lingua por parte do alumnado (inseguridade lingüística, submisión, rexeitamento do acento galego, rexeitamento da normalización, identificación da súa lingua co rural, coas clases sociais baixas, co pouco útil...), as cales forman parte do elenco de prexuízos sobre a viabilidade do galego na nosa sociedade en xeral. Estes prexuízos medran curso a curso fornecidos pola falta de apoio institucional para impulsar medidas serias que freen a sangría de falantes, que apoiem o labor dos Equipos de Dinamización Lingüística ou que visibilicen a lingua a través dos medios de comunicación de masas.

Dado este contexto, consideramos un obxectivo fundamental para o noso Departamento didáctico a loita contra os prexuízos lingüísticos desde unha óptica proactiva que sitúe o alumnado como aprendices plurilingües, para que sexan quen de ver a riqueza que supón a aceptación da diversidade como un reforzamento da propia identidade. Ser competente na lingua propia significa saber utilizar esa lingua en todos os ámbitos e situacións de xeito adecuado, e isto implica derrubar prexuízos lingüísticos que, do contrario, os levará, ao abandono definitivo da súa lingua propia nun futuro non moi afastado no tempo.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	UNIDADE 1	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A comunicación. Elementos do acto de comunicación.</li> <li>- Diferenzas entre lingua oral e lingua escrita.</li> <li>- O texto. Tipos de texto.</li> <li>- O texto dialogado.</li> <li>- Clases de palabras variables: o substantivo.</li> <li>- Biografía lingüística (o alumnado rexistrará a súa experiencia na aprendizaxe de linguas).</li> <li>- Obradoiro de poesía</li> </ul>	10	10	X		
2	UNIDADE 2	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Familias lingüísticas do mundo.</li> <li>- O texto descritivo.</li> <li>- O alfabeto.</li> <li>- Encontros vocálicos (ditongos, tritongos, hiatos).</li> <li>- Regras de acentuación básicas.</li> </ul>	15	15	X		
3	UNIDADE 3	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Linguas da Península Ibérica, particularmente do portugués.</li> <li>- A lusofonía.</li> <li>- O texto expositivo.</li> <li>- Clases de palabras variables: o adxectivo.</li> <li>- Lectura obrigatoria. Lectura autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega.</li> </ul>	10	10	X		
4	UNIDADE 4	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Texto narrativo. Elementos da narración.</li> <li>- Signos de puntuación básicos (punto, coma e dous puntos).</li> <li>- Procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).</li> <li>- Lectura: escolma de textos da literatura xuvenil contemporánea.</li> <li>- Obradoiro de narrativa de ficción.</li> </ul>	15	15		X	
5	UNIDADE 5	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Textos da vida cotía e das relacións sociais. A carta.</li> <li>- O verbo.</li> <li>- Procedementos que enriquecen os textos (precisión léxica, corrección gramatical...)</li> <li>- Os dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos.</li> <li>- Lectura obrigatoria. Lectura autónoma dunha obra contemporánea da literatura galega.</li> </ul>	10	15		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	UNIDADE 6	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos do ámbito social que se difunden nas redes sociais e nos medios de comunicación (mensaxes instantáneas, correos electrónicos, comentarios dun blog, noticias).</li> <li>- Usos discriminatorios da linguaxe.</li> <li>- Obradoiro de comunicación: a noticia.</li> </ul>	10	10		X	
7	UNIDADE 7	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fenómenos dialectais característicos da contorna.</li> <li>- Xéneros discursivos do ámbito educativo.</li> <li>- O subliñado, o resumo e o esquema.</li> <li>- Principais funcións sintácticas.</li> <li>- Comunicación: a banda deseñada.</li> </ul>	10	10			X
8	UNIDADE 8	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prexuízos que lle afectan ao galego: a utilidade da lingua fóra de Galicia.</li> <li>- A palabra. Formación de palabras. Lexemas e morfemas.</li> <li>- Os castelanismos léxicos.</li> <li>- Hiponimia e hiperonimia.</li> </ul>	10	10			X
9	UNIDADE 9	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Prodecementos de enriquecemento dos textos: uso de maiúsculas e minúsculas.</li> <li>- Os campos semánticos</li> <li>- O xénero dramático</li> <li>- Lectura obrigatoria e autónoma dunha obra dramática contemporánea da literatura galega</li> <li>- Obradoiro de comunicación: creación de textos dramáticos.</li> </ul>	10	10			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	UNIDADE 1	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	65

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica os principais elementos do feito comunicativo e recoñece trazos característicos do texto dialogado.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica, algúns trazos do xénero lírico (versos, estrofas, rima...).		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Coñece e sabe distinguir as características da lingua oral e da lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha breve presentación oral, con fluidez e coherencia, da súa biografía lingüística.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nas conversa mantidas na aula.	TI	35
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Participa activamente nas actividades do obradoiro de poesía.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.</li> <li>- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.</li> </ul>



## Contidos

- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	UNIDADE 2	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Identifica, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) dunha escolma de poemas.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) dunha escolma de poemas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	30
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Acode á biblioteca escolar e selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	UNIDADE 3	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península e identifica algún trazo lingüístico de cada unha delas.	PE	45
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Redacta textos expositivos , empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral breve sobre algún aspecto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador as características lingüísticas do texto expositivo.	TI	55
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística en interaccións formais e informais dos contidos da materia.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localiza, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Reflexiona de forma argumentada e autónoma sobre unha obra contemporánea da literatura galega lida.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.</li> </ul>

**Contidos**

- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.

UD	Título da UD	Duración
4	UNIDADE 4	15

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península e identifica algún trazo lingüístico de cada unha delas.	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende a intención do emisor dun texto, respondendo a diferentes preguntas sobre a lectura.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o significado de textos literarios, respondendo a diferentes preguntas sobre a lectura.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Identifica algunhas das principais características do xénero narrativo nunha escolma de textos dados.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos (punto, coma, dous puntos).		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha narración breve axustándose as principais características dos textos narrativos (estrutura, elementos...).	TI	20

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	UNIDADE 5	15

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	Recoñece as linguas da Península e identifica algún trazo lingüístico de cada unha delas.	PE	55
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa e mellora o emprego do sistema verbal nos seus textos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Exprésase con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Utiliza de maneira eficaz recursos verbais e non verbais nas súas exposicións.	TI	45
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende a intención do emisor de textos da vida cotiá.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o sentido global dunha obra de lectura contemporánea da literatura galega.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) de textos da vida cotiá.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	UNIDADE 6	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identifica e rexeita os usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal na publicidade.	PE	65
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Identifica o sentido global e a estrutura de textos xornalísticos.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Exprésase con precisión léxica nos textos escritos empregando sinónimos e antónimos.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Explica a intención comunicativa dunha noticia.	TI	35
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral sinxela propia do ámbito xornalístico seguindo as pautas características destes textos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Mostra actitudes de escoita activa en interaccións orais informais.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Reflexiona sobre a manipulación informativa dixital a partir da noticia xornalística.		
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	Contrasta con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, adoptando un punto de vista crítico.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	UNIDADE 7	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística.	PE	65
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o significado global dun cómic de temática medioambiental respondendo diferentes preguntas sobre a lectura.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Emprega procedementos comunicativos para mellorar o seu texto (banda deseñada)		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Redactar correctamente oracións simples e localiza nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realiza unha exposición oral breve valorando a súa variedade dialectal utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	TI	35
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crema un texto narrativo en banda deseñada de temática medioambiental (mudanza climática, protección animal, escaseza de auga, etc.).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	UNIDADE 8	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Recoñece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.	PE	60
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Incorpora, nun texto dado, hiperónimos e hipónimos co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisa os propios textos evitando e corrixindo os castelanismos léxicos.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Explica a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	Identifica prexuízos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	TI	40
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprende o significado de textos do xénero dramático, respondendo a diferentes preguntas sobre a lectura.	PE	50
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Emprega correctamente as letras maiúsculas e as minúsculas nos textos escritos.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Mantén actitudes de participación activa, cooperación e cortesía lingüística en interaccións orais.	TI	50
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Distingue o propósito comunicativo dun texto teatral.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Realiza unha lectura expresiva de textos dramáticos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Elabora un traballo sinxelo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica na obra de lectura algúns dos seus principais elementos.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Desde o punto de vista da metodoloxía, poñemos o foco nos seguintes aspectos:

1. Educación integral orientada a formar persoas informadas e cultas, reflexivas e críticas, colaboradoras e participativas, comprometidas e éticas, creativas, respetuosas e con mentalidade aberta.

É primordial a detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentárase un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.

A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental.

Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para afondar nestes contidos.

2. Desenvolvemento sostible desde o punto de vista medioambiental e social: debemos educar cidadáns globais, persoas comprometidas consigo mesmas, cos demais e co planeta.

3. Conexión coa realidade. Cada unidade didáctica organízase arredor dunha situación de aprendizaxe, unha experiencia de aprendizaxe (problema, tema, reto) motivadora, real e cercana ao alumnado. De aí a importancia de vertebrar a programación de aula arredor dun conxunto de situacións de aprendizaxe verosímiles e contextualizadas.
4. Aprendizaxe personalizada, mediante a flexibilización de adaptacións para que responda á diversidade de realidades educativas.
5. Enfoque multidisciplinar para contribuír a unha aprendizaxe profunda que permiten interrelacionar saberes e fortalecer as aprendizaxes das áreas instrumentais. O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro será continuo, especialmente co equipo de dinamización da lingua galega e co equipo de biblioteca.
6. Aprendizaxe cooperativa. Propiciaranse actividades que impliquen cooperación, ou, o que é o mesmo, unha maior implicación na aprendizaxe desde a interacción e o enriquecemento entre o alumnado, en detrimento de actividades individualistas ou competitivas.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de texto: Lingua Galega e Literatura 1º ESO. Editorial ANAYA (ISBN: 978-84-143-0515-7)

O libro de texto complementarase con outros materiais:

- Recursos didácticos dispoñibles no IES Lauro Olmo: aula de referencia do grupo e aulas TIC, biblioteca e salón de actos. As aulas e a biblioteca son os lugares en que o alumnado ten ao seu alcance a maioría dos recursos e materiais do centro (canón, computador, conexión a internet, encerado dixital). A biblioteca ofrece, ademais de obras de lectura, libros de texto, mapas, revistas, xornais, recursos dixitais para consultar información, realizar traballos de investigación, etc.
- DICIONARIOS: Dicionario de pronuncia da lingua galega (<https://ilg.usc.es>), Dicionario RAG (<https://academia.gal>), Dicionario castelán-galego Rinoceronte Editora (<https://rinoceronte.gal>), Vocabulario ortográfico da lingua galega (VOLG), (<http://www.realacademiagalega.org/recursos-volg>).
- PRENSA galega en liña (Galicia Confidencial, Nós Diario ou Praza Pública) para análise de textos (argumentativos).
- AUDIVISUAIS: Vídeos curtos para coñecer a nosa cultura e/ou adquirir procedementos para enriquecer a comunicación oral e escrita (Historias de Galicia (TVG), Digocho Eu).
- OTROS RECURSOS DIXITAIS: Aulas Galegas, O Portal das Palabras, O galego.eu, Real Academia Galega.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumno ou alumna no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica a ese nivel.

Constará de varias partes que contemplarán a expresión oral, a fluidez e comprensión lectora, a expresión escrita e os aspectos referidos á sociolingüística. Con este fin non se realizará unha única proba, senón que se desenvolverán unha serie de actividades durante as primeiras sesións do mes de setembro.

A técnica da observación non sistemática permítenos, co comportamento espontáneo dos alumnos, ter unha primeira impresión do grupo con respecto á fluidez lingüística, ao vocabulario, á fonética e aos seus hábitos lingüísticos orais (uso do galego ou do castelán, existencia de prexuízos cara á nosa lingua, etc.). O rexistro anecdótico será o instrumento no cal se recollan os datos máis significativos. Tamén se incluírá unha exposición oral de presentación (con ou sen guión). Mediante unha proba escrita adecuada ao curso, comprobaremos os seus coñecementos gramaticais, a comprensión textual e o nivel de redacción.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	65	70	45	80	55	65	65	60	50	<b>63</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	35	30	55	20	45	35	35	40	50	<b>37</b>

### Criterios de cualificación:

#### a) LECTURA OBRIGATORIA (1 punto).

Farase un control oral no que se valorará a comprensión lectora e asemade a expresión oral. Consistirá en varias preguntas tales como situar un parágrafo no conxunto da obra, preguntas concretas sobre os personaxes, espazo, tempo, narrador e preguntas de interpretación persoal dalgún tema da lectura. É condición indispensable para unha avaliación positiva a superación das probas dos libros de lectura.

O alumnado terá á súa disposición unha listaxe de lecturas que traten aspectos que reforen a súa preparación cara a unha cidadanía comprometida que poida garantir que todas as persoas gocen de educación, igualdade, auga, enerxía limpa, paz e prosperidade. Entre elas figuran estes títulos:

- Denébola a Roxa, Héctor Cajaraville
- Escarlatina, a cociñeira defunta, Leticia Costas
- O agasallo de Anya, Sabela Núñez Singala
- Tristes armas, Marina Mayoral
- A consulta da doutora Leticia, Raquel Castro
- Etc.

#### b) PRODUCCIÓN DO ALUMNADO E OBSERVACIÓN SISTEMÁTICA (2 puntos)

Valoración dos traballos propostos, e/ou a orde e corrección dos cadernos.

#### c) PROBAS ESCRITAS OU ORAIS DOS CONTIDOS (7 puntos)

Faranse como mínimo dúas probas escritas por avaliación. A nota que se terá en conta para calcular a cualificación da avaliación será a do último parcial realizado. Isto é así porque a avaliación da materia será continua no sentido de que en cada avaliación o alumnado terá a posibilidade de superar contidos pendentes de avaliacións anteriores. Deste xeito, nas probas escritas da 2ª avaliación haberá contidos fundamentais que teñen que ver co logro dos obxectivos, contidos e competencias fundamentais da 1ª, e na 3ª avaliación, das dúas anteriores.

Será necesario acadar un mínimo de 2,5 puntos na última proba para poder aprobar a materia. De non acadar este mínimo, tampouco se sumarán o resto das cualificacións (libro lectura, traballos e observación na aula) e suspenderase a materia.

Neste exame escrito establecerase unha penalización por erros no uso da lingua de ata 1 punto: desconto de 0,1 puntos por cada falta grave -tempos compostos, mala colocación dos clícticos-; desconto 0`05 puntos c/u. na ortografía contraria á norma lingüística (b/v, h, y), acentuación.

#### NOTA TRIMESTRAL

A nota final de cada avaliación será a suma dos apartados a), b) e c) e nela poñeráselle ao alumnado unha nota numérica que irá do 1 ao 10. Cando da suma das notas que integran a cualificación resulte un decimal que sexa 0,8 ou 0,9 asimilase ao enteiro superior (Ex.: 3,8 obterá un 4 na avaliación; 5,9 un 6, etc.).

A suma dos puntos destes apartados, en cada unha das avaliacións, só será aplicable no caso de que en todas as partes se obteña un valor igual ou superior ao 40% (un 4 sobre o 10). De non ser así, considérase que a avaliación está suspensa. A nota mínima para aprobar é 5 puntos.

#### TERCEIRA AVALIACIÓN

Un aprobado na 3ª avaliación suporá a recuperación das avaliacións suspensas anteriormente. Isto é así porque a avaliación da materia será continua no sentido de que en cada avaliación o alumnado terá a posibilidade de superar contidos pendentes das anteriores. En caso de un alumno ter superado os dous primeiros trimestres, se suspéndese o terceiro a súa avaliación resultaría negativa e debería recuperar a materia na avaliación final.

### Criterios de recuperación:

#### AVALIACIÓN FINAL

En caso de un alumno ter superado os dous primeiros trimestres, se suspendese o terceiro a súa avaliación resultaría negativa e debería recuperar a materia na avaliación final. As alumnas e alumnos que non acadasen a nota media de 5 na 3ª avaliación ordinaria, deberán recuperar a materia nun exame final.

Para superar a materia, aplicaranse os mesmos criterios de avaliación que ao longo do curso ordinario, pero centraranse nun único instrumento de avaliación: unha proba escrita (10 puntos). A nota mínima para aprobar é 5 puntos.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Non hai alumnado coa materia pendente.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Na etapa da educación secundaria obrigatoria poñerase especial énfase na atención á diversidade do alumnado, na detección das súas necesidades específicas e no establecemento de mecanismos de apoio e reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe, co obxecto de reforzar a inclusión e asegurar o dereito a unha educación de calidade, e para evitar a permanencia nun mesmo curso. Os centros docentes adoptarán as medidas necesarias para responder ás necesidades educativas concretas das súas alumnas e dos seus alumnos, tendo en conta as súas circunstancias e os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe.

A partir da avaliación inicial do alumnado, propóranse as correspondentes actuacións de seguimento e atención ao alumnado, tanto as medidas ordinarias como extraordinarias. Faranse actividades especificamente deseñadas para cada caso.

Logo de analizar os informes do centro de procedencia e da información facilitada polo orientador, espérase contar con un alumno con TEA; e outro con ACI, TDA-H, aos que se lles aplicará o Protocolo de Consenso sobre TDAH na Infancia e na Adolescencia nos Ámbitos Educativo e Sanitario. Probablemente haberá oito alumnos/as en reforzo de lingua galega (cinco repetidores) e tres alumnos/as con ACI. Estes acudirán á aula co profesor de reforzo e/ou de Educación Especial. Na aula de referencia permanecerá unha alumna exenta da materia e outra con hipoacusia, á cal se lle aplica o Protocolo da Consellaría de Educación.

O Departamento de Lingua e Literatura, sempre que sexa posible e o permita a dispoñibilidade horaria do profesorado adscrito ao mesmo, participará no proceso de atención á diversidade e favorecerá a implantación e funcionamento de todas as medidas que dentro da organización académica do centro se poidan levar a cabo para atender as necesidades do alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comunicación audiovisual						X	X	
ET.2 - A competencia dixital			X			X		
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	X					X		X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.4 - A educación emocional e en valores						X	X	X
ET.5 - A igualdade de xénero						X		
ET.6 - A creatividade	X						X	
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable						X	X	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	X						X	X
ET.9 - A comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - A comunicación audiovisual	
ET.2 - A competencia dixital	
ET.3 - O fomento do espírito crítico e científico	
ET.4 - A educación emocional e en valores	
ET.5 - A igualdade de xénero	
ET.6 - A creatividade	X
ET.7 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	
ET.8 - O emprendemento social e empresarial	
ET.9 - A comprensión lectora	X
ET.10 - A expresión oral e escrita	X

**Observacións:**



O Decreto do currículo de ESO establece que en todas as materias e, polo tanto, en Lingua Galega e Literatura de 1º de ESO, se traballarán os seguintes elementos transversais:

- a comprensión lectora
- a expresión oral e escrita
- a comunicación audiovisual
- a competencia dixital
- o emprendemento social e empresarial
- o fomento do espírito crítico e científico
- a educación emocional e en valores
- a igualdade de xénero
- a creatividade

Alén diso, pola peculiaridade da materia de Lingua Galega e Literatura, a comprensión lectora e a comunicación oral e escrita, ao formar parte do currículo, serán elementos tratados dunha ou doutra maneira en todas as unidades didácticas, polo que non aparecen singularizados en ningunha delas.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PLAN PROXECTA 2022-2023 (Enmemoriarse)	Participamos en diferentes fases do proxecto.			X

### Observacións:

No IES Lauro Olmo organízanse cada curso actividades variadas ao longo de todo o ano: actos, premios, concursos, actividades lúdicas, deportivas, culturais... que permiten dinamizar a continuidade das aulas. O Departamento de Lingua galega e Literatura colabora en moitas delas, nomeadamente nas actividades do Equipo de Dinamización Lingüística, así coma nas da Biblioteca (Hora de ler ...).

No actual curso, participaremos en:

- Club de Lectura
- Seguiremos traballando arredor da nosa tradición: samaín, entroido, candeloria, etc.; na divulgación das nosas escritoras (Día de Rosalía).

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
4. Logo de realizarse a avaliación inicial e de recibir a información transmitida polo Departamento de Orientación, mantívose o seguimento personalizado de todo o alumnado ao longo do curso.
5. O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación establecidos.
9. Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
11. Estableceuse unha comunicación continuada co alumnado imposibilitado para asistir temporalmente ao centro: atención domiciliaria, hospitalización etc., a través da aula virtual ou doutras comunicacións telemáticas.
12. Consegúronse adecuar as unidades didácticas á temporalización indicada e desenvolvéronse as actividades propostas de acordo á súa temporalización.

13. Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
14. Os procedementos, criterios e instrumentos de avaliación utilizados foron os adecuados.
19. Analizouse a cualificación do alumnado e valoráronse as porcentaxes de alumnado que superou e non superou a materia.
21. As probas de avaliación foron corrixidas no prazo establecido, entregadas ao alumnado, analizadas e comentadas na clase.
23. Pasóuselle ao alumnado un cuestionario-enquisa a respecto da práctica docente do profesor ou profesora.
<b>Metodoloxía empregada</b>
6. As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
8. O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da súa materia como no ámbito das novas tecnoloxías.
15. Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
24. Fomentouse que o alumnado utilizase a lingua galega habitualmente na clase co profesor ou profesora e cos seus compañeiros e compañeiras.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
17. Participouse no Proxecto lector do centro e en actividades programadas por outros grupos ou equipos docentes (EDLG, Equipo de Biblioteca etc.).
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
2. Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais, como de procedencia.
3. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes.
16. Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidoras/es, ACS, reforzos.
<b>Clima de traballo na aula</b>
1. Propiciouse un ambiente motivador na aula.
7. Respectouse a puntualidade á hora de entrar na aula e mostrouse unha actitude entusiasta e dinámica.
20. Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
10. Estableceuse unha comunicación fluída e constante con outros departamentos, equipos e grupos de traballo específicos (EDLG, a Biblioteca, Club de Ciencia, etc.).
18. Asistiuse ás reunións de departamento achegando ideas, información e modificacións á PD, avaliando os resultados das avaliacións do alumnado e propondo mecanismos de mellora.
22. Mantívose contacto regular coas familias para seren informadas de todo o proceso de ensino-aprendizaxe das filla ou fillos.

### Descrición:

Como se pode observar, estes indicadores xiran arredor de tres aspectos: o referente á actitude profesional dentro da aula, ao coñecemento e á actitude a respecto do alumnado e ao cumprimento do establecido na programación didáctica. Estes indicadores valoráronse nunha escala de 0 a 10, e os seus resultados serán inseridos na memoria final.

Para recompilar información e elaborar os indicadores de logro poden utilizarse cuestionarios proporcionados ao

alumnado, mesmo ao final de cada trimestre e ao remate do curso. Todos estes datos formarán parte de memoria final e deben terse en conta para que se poidan corrixir as deficiencias detectadas na PD do próximo curso.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Cómpre realizar un seguimento da propia Programación Didáctica. Esta debe ser un documento completo, pero tamén flexible, para servir de ferramenta útil no proceso de ensino-aprendizaxe. A súa concreción variará en función de diversas circunstancias, especialmente das características e necesidades educativas do alumnado concreto co que se traballe cada curso. Para isto levaranse a cabo análises e valoracións, así como propostas de mellora en diferentes momentos do curso.

A principios de curso, a avaliación inicial ofrecerá datos para modificar os aspectos da Programación que se consideren oportunos, co obxecto de axustarse á realidade do alumnado co que se traballará.

Nas reunións de Departamento realizarase periodicamente un seguimento do seu desenvolvemento. Para iso teranse en conta tanto a consecución dos obxectivos como o desenvolvemento das actividades.

Cada trimestre, despois de coñecer os resultados do alumnado e como estes se concretan nas cualificacións, será o momento de facer unha valoración do desenvolvemento da programación e planificar as accións educativas que se consideren oportunas, co obxectivo de atender de maneira especial os aspectos en que o alumnado presente maiores dificultades.

Outro momento fundamental para a avaliación da Programación será o final do curso. Para esa avaliación terase en conta, en primeiro lugar, o grao de cumprimento da propia Programación. En segundo lugar, valoraranse os resultados globais do alumnado. Deste proceso avaliativo extraeranse as propostas de modificación e mellora para a Programación Didáctica do vindeiro curso. Potenciaranse os aspectos que ofrezan mellores resultados e maior satisfacción, ao mesmo tempo que se atenderán especialmente aqueles en que o alumnado presente maiores carencias ou dificultades.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro:

1. Conseguiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD

## 9. Outros apartados